

## MOCIÓN DE AER SOBRE FARMACIAS DE GARDA EN CHAPELA

PLENO 28 MARZO 2012. ACTA 4/2012

Antecedentes

Moción de AER que, transcrita, dí:

Jorge Varela Couñago, concelleiro da Agrupación de Electores de Redondela, en base ao artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela e ao artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte MOCIÓN, pra o seu debate, e no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno Ordinario.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A petición dun gran número de veciños, non só de Chapela, senón que da maioría das parroquias de Redondela, consideramos que é de grande importancia conseguir que Chapela teña unha farmacia de garda nocturna tódolos días do ano, a diferenza de agora, que só hai unha garda por día para todo o concello. O prexuízo que isto leva consigo para moitos habitantes deste concello é bastante importante, pois na meirande parte dos casos a utilización deste servizo pode ser debido a unha necesidade urxente, por razóns obvias.

Ademais, hai que ter en conta a situación demográfica particular do noso concello, que posúe dous núcleos urbanos de dimensións semellantes e separados bastante entre si.

Isto supón un problema para moita xente cando a farmacia de garda lles toca no outro punto do concello, e ao ser pola noite aínda máis pola falta de transporte público.

Tendo en conta que as farmacias non se limitan a dispensar unha prescrición médica, senón que ademais informan e aconsellan á persoa que adquire a medicación, dende AER consideramos que é importante facilitarlles este servizo a tódolos redondeláns **Polo anteriormente exposto, propoñémoslle ao pleno da corporación a adopción do seguinte ACORDO:**

**Instar ao Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra a que utilice as súas competencias para proporcionarlle á parroquia de Chapela unha garda de farmacia durante os 365 días do ano.**

## **VOTACIÓN E ACORDO**

**Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria e por unanimidade sendo vinte votos a favor (10 do PP, / do PS de G-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) acordou aprobar a moción transcrita na súa parte expositiva incorporando na parte dispositiva os seguintes acordos::**

- 1) Instar ao Colexio Oficial de Farmacéuticos de Pontevedra e á Consellería de Sanidade a que utilicen as súas competencias para proporcionarlle á parroquia de Chapela unha garda de farmacia durante os 365 días do ano mantendo outra no resto das parroquias do Concello.**
- 2) Instar tamén á Consellería de Sanidade para que se informe de xeito claro e visible nos Centros de Saúde de Redondela e Chapela cales son as farmacias de garda en cada momento.**